

GALEUSCA: PRODUCTO POLÍTICO PRA CONSUMO DE INICIADOS

Non é tarefa doada pra un crítico atopar o equilibrio necesario pra analizar obxetivamente un espectáculo que, cun contido político ó que se sinte achegado, presenta unha carencia casi absoluta de calidades estéticas. Tal é o caso do festival Galeusca, nō que representantes das tres nacionalidades históricas do estado español nos mostraron unha selección das suas cantigas.

Un particularmente, pensa que a representatividade auténtica dá música dun pobo corresponde soio ó folklore, e que a cantiga política compre engadila dentro do marco da canción comercial. Non tento dubidar da honradez dós cantaautores, pró a realidade sociolóxica está ahí, e as ventas discográficas, os recitais másivos, van estar sempre arrodeados dunha campaña publicitaria concreta. O público é tamén concreto, específico. E decir: estamos ante un consumo dun producto político, como se consume Coca-Cola ou "jeans".

Nó caso dó Galeusca non existiu esta masividade na asistencia. Non sei si có tímdo nacemento das libertades políticas vai declinar ó intrés pola cantiga política ou por outras razóns. O caso é que, contra todo pronóstico, ó público non chegou encher a mitá das gradas. O auténtico intrés artístico dó Galeusca estivo na maxistral actuación do representante de Euzkadi, Miki Labay, o único con auténtica categoría profesional amosada na técnica vocal depurada dás que fixo gala. Interesoume especialmente a riqueza de rexistros e a gama dinámica. Os textos, realmente fermosos, sirveron de lección prá amosar que un poema político pode non ser un panfleto. No caso do texto mais violento e directo, Guernica, vai arropa-lo nun ambiente musical dunha densidade dramática tal que o texto é inutil.

O representante de Catalunya, Rafael Subirach é unha mostra de todo o contrario. Fondamente atractivo polo seu impetu nin siquer ó cantar cantigas populares foi capaz de atopar a mínima calidade eixible a quen sube a un esceario. Parésceme inútil afondar na carencia de estabilidade tonal, no disparatado do "tempo" ou nos discutibles factores rítmicos.

Pólo que respecta ó representante de Galicia, Miro Casabella, penso que conquieú un nivel inda mais baixo. Seña interpretando unha cantiga de Santa María, (a 166) seña tocando romances populares amosou estar ben lonxe de coñecer a técnica interpretativa da zanfoña. O seu acompañante, na percusión, Uxío Fernández non foi capaz nin de marcar un ritmo de pandeirada nin de marcar o mesmo ritmo que facía Miro. Momentos houbo que Uxío facía un 3/4, a zanfoña un 4/4 e a voz outro 4/4 fora de compás. Encol dun berro, —suposto aturuxo—, de dudoso gusto, prefiero non falar. Íñoro as razóns da decadencia de Miro. Tempos houbo nos que era o millor cantante galego. Hoxendía merece o calificativo de mediocre, con toda-las impricacións do termo. Suxiro que cando tente facer monodía a faga, que respete un pouco mais os orixinais populares, que estudie un pouco a zanfoña, —e que afiné o bordoncillo— que adprenda a vocalizar e que renove o repertorio. Logo poderá sair ó esceario. Namentres seguirá xogando a gañar aplausos baseándose nos textos —que din verdades coma poutos— pró non na música que teóricamente é a sua profesión.

Gracias ós organizadores dó Galeusca, pro ogallá a próxima vez o festival poda ser un festival popular, con música popular e non un recital, pra iniciados na loita política, que as veces chegou transformarse en profesións de fe.

Xoan M. CARREIRA